

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

10222 *Real decreto 1012/2009, do 19 de xuño, polo que se convoca unha asignación directa de cotas lácteas integradas na reserva nacional e se modifica o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.*

A Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, establece no seu artigo 16 que as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, prestarán unha atención preferente aos profesionais da agricultura, coa finalidade de promoveren o mantemento e a mellora dunha actividade agrícola, gandeira e forestal suficiente e compatible co desenvolvemento sustentable do medio rural. A mencionada preferencia aplicarase, en particular e xunto con outras medidas concretas, á hora da asignación de dereitos de produción, como pode ser a asignación de cota láctea que nos ocupa.

A asignación directa de cotas lácteas integradas na reserva nacional que regula este real decreto constitúe en si mesma a materialización do nivel de apoio máximo a que se refire o artigo 16 da mencionada lei.

O Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), recolle no artigo 20.a)ii a axuda á instalación de agricultores mozos co obxecto de aumentar a competitividade agrícola e forestal no marco do eixe 1 das axudas en materia de desenvolvemento rural.

Con este mesmo obxecto, a alínea b) do artigo 20 do citado regulamento establece unha axuda á modernización das explotacións agrícolas, dentro das medidas de reestruturación e desenvolvemento do potencial físico e de fomento da innovación.

Conforme o artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro, a axuda para a instalación de mozos concédese ás persoas que, tendo menos de 40 anos, se instalen por primeira vez nunha explotación agrícola como xefe de explotación, contendo as competencias e cualificacións profesionais adecuadas e presenten un plan empresarial con vistas ao desenvolvemento das actividades agrícolas.

Así mesmo, as axudas á modernización das explotacións agrícolas préstanse para investimentos materiais ou inmateriais que, cumprindo a normativa comunitaria aplicable aos investimentos de que se trate, melloren o rendemento da explotación agrícola.

Para desenvolver ambos os plans empresariais no sector lácteo e así optar ás axudas á nova instalación e á modernización de explotacións, cómpre realizar un proxecto de investimentos en que se demostre, como condición fundamental, a viabilidade da explotación. A adquisición ou asignación gratuita dunha cantidade individual de referencia no sector lácteo (cota láctea) perfílase, por tanto, como punto de partida imprescindible para iniciar a actividade e, nalgúns casos, tamén para mellorar o rendemento da explotación agrícola e así cumprir as exixencias de concesión da axuda.

Por outra parte, o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, dispón no seu artigo 68 que cada Estado membro establecerá as normas que permitan a asignación aos produtores da totalidade ou dunha das partes das cotas da reserva nacional.

Neste sentido, o artigo 13 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, establece que a reserva nacional de cotas lácteas se nutre das cotas procedentes da retirada aos produtores por inactividade, das renuncias, dos programas de abandono, das que retornan á reserva nos casos de

transferencias de cota entre produtores e dos posibles incrementos concedidos pola Unión Europea.

Dado que actualmente existe dispoñibilidade de cota láctea na reserva nacional, e que é requisito imprescindible en todos os casos de concesión para os potenciais beneficiarios das axudas á nova instalación, e nalgúns casos de axuda para plans de mellora, que dispoñan de cantidade de cota suficiente que garanta a viabilidade do seu proxecto, resulta necesario desenvolver un marco lexislativo que permita realizar unha asignación directa co fin de que tanto os produtores de nova instalación como os que teñan plans de mellora logren alcanzar os compromisos empresariais para percibir as axudas correspondentes establecidas no Regulamento (CE) n.º 1698/2005, do 20 de setembro.

De acordo con isto, este real decreto establece os requisitos e criterios de valoración para a asignación directa de cotas da reserva nacional con cargo ao programa nacional de abandono indemnizado da produción láctea para o período 2007/2008, convocado pola Orde APA/3541/2007, do 3 de decembro.

Finalmente, o Regulamento (CE) n.º 72/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se adapta a política agrícola común mediante a modificación dos regulamentos (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 320/2006, (CE) n.º 1405/2006, (CE) n.º 1234/2007, (CE) n.º 3/2008 e (CE) n.º 479/2008 e a derogación dos regulamentos (CEE) n.º 1883/78, (CEE) n.º 1254/89, (CEE) n.º 2247/89, (CEE) n.º 2055/93, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 2596/97, (CE) n.º 1182/2005 e (CE) n.º 315/2007, modifica, entre outros o Regulamento (CE) n.º 1234/2007, elevando a porcentaxe mínima de utilización da cota para evitar que esta sexa susceptible de ser acrecentada á reserva nacional.

Para unha maior clarezza na aplicación dos preceptos relacionados coa xestión da cota considérase conveniente modificar o artigo 5 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, que é a norma onde se recollen todos eles.

Este cambio significa un reforzamento do carácter utilitario da cota ao outorgar a potestade ao Estado membro de retirar a cota asignada individualmente aos gandeiros que non fagan uso dela nunha porcentaxe mínima.

Consonte esa modificación, considérase necesario, coa finalidade dunha adaptación progresiva, flexibilizar os condicionantes para poder realizar cesións temporais de cota entre os gandeiros.

Tamén é imprescindible para os produtores coñeceren canto antes as posibilidades de utilización da súa cota co obxecto de adoptaren decisións importantes para a orientación produtiva das súas explotacións.

As cesións temporais demostraron a súa eficacia como instrumento para fortalecer os mecanismos de reestruturación do sector produtor lácteo e para contribuír a desconxestionar de forma sensible as posibles presións que arredor da cota se poidan xerar.

Por isto, neste real decreto convócase un prazo para a solicitude de cesións temporais de cota para o período 2009/2010.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xuño de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto convocar a asignación directa de cantidades con cargo á reserva nacional, procedentes do programa nacional de abandono indemnizado da produción láctea para o período 2007/2008, convocado pola Orde APA/3541/2007, do 3 de decembro, logo de solicitude dos interesados.

Artigo 2. *Requisitos e criterios de asignación.*

1. A asignación gratuita de cota faráselles aos produtores que, alén de cumpriren os requisitos establecidos no artigo 16 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, cumplan os seguintes requisitos:

- a) Ser titular dunha explotación gandeira cualificada sanitariamente como oficialmente indemne de tuberculose vacúa, e indemne ou oficialmente indemne de brucelose vacúa.
- b) Reunir algún dos criterios do seguinte número.

2. Establécense os seguintes criterios de valoración por orde de prioridade:

- a) Que se trate de produtores que desde o 1 de xaneiro de 2007 até a data de inicio do prazo de presentación de solicitudes solicitasen e lles fose concedida unha axuda á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), na modalidade de acceso á titularidade exclusiva ou baixo o réxime de cotitularidade.

- b) Que se trate de produtores que desde o 1 de xaneiro de 2007 até a data de inicio do prazo de presentación de solicitudes solicitasen e se lles concedese unha axuda á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, na modalidade de acceso á titularidade a través da integración como socio nunha entidade asociativa.

- c) Que se trate de produtores aos cales desde o 1 de xaneiro de 2007 até a data de inicio do prazo de presentación de solicitudes se lles concedese unha axuda á modernización das explotacións agrícolas mediante plans de mellora das previstas no Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, sempre que tales plans prevexan a existencia dun incremento de cota que garanta a súa viabilidade.

3. Dentro de cada un dos grupos en que se ordenen as solicitudes conforme o número anterior, estas atenderanse segundo o cumprimento dos seguintes criterios por parte do solicitante, expresados por orde de prioridade:

- a) Ser unha muller ou tratarse dunha explotación de titularidade compartida rexistrada de acordo co Real decreto 297/2009, do 6 de marzo, sobre titularidade compartida nas explotacións agrarias ou, se se trata dunha explotación asociativa, ser mulleres cando menos o 50 por cento dos socios que a integran (agricultoras a título principal).

- b) Ter adquirido cota despois de pagamento en convocatoria do Banco Nacional Coordinado do período 2006/2007 e non ter renunciado á asignación.

- c) Ser unha explotación asociativa. Dentro destas, terán preferencia as de maior antigüidade sobre as máis recentes.

- d) Ser unha persoa física. As solicitudes destas ordenaranse de menor a maior idade.

Artigo 3. *Cantidade máxima e cantidade mínima de cota asignable a cada explotación.*

1. As cantidades máximas asignables a cada explotación serán:

- a) Se as solicitudes cumpren o criterio establecido na alínea 2.a) do artigo 2, a cantidade comprometida no expediente de axuda ou, se for o caso, a necesaria para, a criterio da autoridade competente, alcanzar a viabilidade económica exixida no expediente da axuda. Non obstante, en ningún caso se asignarán cantidades que supoñan superar os 220.000 quilogramos de cota por cada UTA empregada na explotación nin superiores a 220.000 quilogramos de cota por explotación.

- b) Para o resto de casos, a cantidade comprometida no expediente de axuda ou, se for o caso, a necesaria para, a criterio da autoridade competente, alcanzar a viabilidade económica exixida no expediente da axuda. Non obstante, en ningún caso se asignarán cantidades que supoñan superar os 220.000 quilogramos de cota por cada UTA empregada na explotación, nin superiores a 150.000 quilogramos de cota por explotación, para os solicitantes que cumplan o criterio establecido na alínea 2.b) do artigo 2, nin superiores a

120.000 quilogramos de cota por explotación, para os solicitantes que cumpran o criterio establecido na alínea 2.c) do artigo 2.

2. En ningún caso se asignarán cantidades inferiores aos 5.000 quilogramos de cota por explotación. Se a cantidade de cota asignable, resultado de aplicar o número anterior, for inferior a esta cantidade mínima indicada por explotación, ao solicitante asignaráselle 5.000 quilogramos de cota.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá modificar até nun 50 por cento as cantidades máximas asignables establecidas no número 1, se o volume de cota solicitado para a súa asignación e a cantidade dispoñible establecida no artigo 1 o fixeren necesario.

Artigo 4. *Tramitación, resolución e limitacións.*

1. As solicitudes, dirixidas ao director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, presentaranse perante o órgano competente da comunidade autónoma onde estiver a explotación do solicitante ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes formalizaranse por escrito nun documento co contido mínimo previsto no anexo, e presentaranse no prazo de vinte días hábiles a partir da entrada en vigor deste real decreto.

3. O órgano competente da comunidade autónoma en que estiver a explotación do solicitante valorará e clasificará as solicitudes conforme os criterios previstos no artigo 2.

4. As comunidades autónomas remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, nun prazo máximo de 2 meses, contado desde que termine o prazo de presentación de solicitudes, os datos relativos a todas as solicitudes presentadas, incluídas as que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 2, cunha breve explicación do motivo de proposta de denegación, e aquelas en que se teñan por desistidos en virtude da aplicación do artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. En todos os casos a comunidade autónoma remitirá ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño un informe detallado en que se cuantifique a cantidade de cota necesaria para a viabilidade económica exixida, así como copia compulsada da parte do expediente da axuda correspondente onde figuren os aspectos técnicos que apoian o contido dese informe e o cumprimento dos requisitos reunidos polo agricultor mozo para desfrutar da condición de cotitular da explotación, conforme o establecido no artigo 18 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, sobre modernización das explotacións agrarias.

6. O director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros ditará as resolucións correspondentes ás solicitudes de cota da reserva nacional. Contra as resolucións desa dirección xeral, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante o secretario de Estado de Medio Rural e Auga, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido nos artigos 107.1, 114 e 115.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Transcorridos 12 meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes sen que se ditase e notificase resolución expresa, os solicitantes poderán entendelas estimadas.

7. A Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros actualizará a información contida na base de datos a que se refire o artigo 4 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, como consecuencia das asignacións realizadas.

8. Os beneficiarios desta asignación de cota da reserva nacional están suxeitos ás limitacións establecidas no artigo 22 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo.

Disposición adicional única. *Prazo para a presentación de solicitudes de autorización de cesións temporais durante o período 2009/2010.*

1. Poderanse presentar solicitudes de autorización de cesións temporais de cota láctea desde a entrada en vigor deste real decreto até o 28 de febreiro de 2010, ambos inclusive.

2. As solicitudes poderanse presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes de autorización de cesións temporais de cota para o período 2009/2010 dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do cedente e conterán, cando menos, os datos que figuran no anexo IX do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.

Disposición transitoria única. *Cálculo da retirada de cota.*

Para o cálculo da retirada de cota que se practicará con efectos do período 2010/2011 aos produtores que non utilizasen a totalidade da súa cota nos dous períodos anteriores a ese, conforme se establece no artigo 5.1 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, aplicarase a porcentaxe de utilización do 70 por cento para o período 2008/2009 e do 85 por cento para o período 2009/2010.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.*

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, queda modificado como segue:

Un. Nos números 1 e 2 do artigo 5, a cantidade «70 por cento», substitúese pola cantidade «85 por cento».

Dous. O número 2 do artigo 22 queda redactado como segue:

«Os beneficiarios de asignación de cotas da reserva nacional comprométense a non transferir nin ceder temporalmente cota durante tres períodos contados a partir do período en que recibisen unha asignación da reserva nacional.»

Tres. O número 1 do artigo 47 queda sen contido.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de modificación.*

Facúltase a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar o contido dos anexos para a súa adaptación á normativa comunitaria, así como para modificar as datas e os prazos establecidos nesta norma.

Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.


Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e as asignacións de cota producirán efectos desde o 1 de abril de 2009, data de inicio do período 2009/2010.

Dado na Embaixada de España en Singapur o 19 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO

 MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO		SOLICITUDE Á RESERVA NACIONAL DE COTAS LÁCTEAS		SECRETARÍA XERAL DE MEDIO RURAL		
PERÍODO		2009/2010		REXISTRO: _____		
IDENTIFICACIÓN TITULAR	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL			NIF ou CIF		
	DATA: • DE NACEMENTO (persoas físicas) • DE CONSTITUCIÓN (persoas xurídicas)		_ / _ / _	ESPAZO RESERVADO PARA A COMUNIDADE AUTÓNOMA:		
				Nº UTA:		
	DOMICILIO			TELÉFONO	MÓBIL	
	LOCALIDADE		PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	
	DOMICILIO PARA NOTIFICACIÓNS EN CASO DE SER DISTINTO AO DO TITULAR					
	RÚA/ PRAZA	LOCALIDADE		PROVINCIA	C.P.	
REPRESENTANTE (SE É O CASO)	APELIDOS E NOME			NIF OU CIF		
EXPLOTACIÓN	NOME		ENDEREZO			
	CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN			TELÉFONO		
	LOCALIDADE		PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	
A persoa que asina, <div style="text-align: center; margin: 10px 0;"> SOLICITA </div> A asignación de cota con cargo á reserva nacional vinculada ao cumprimento do requisito de viabilidade para a concesión da axuda a nova instalación/plan de mellora (rísquese o que non proceda) no marco do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).						
EXPÓN QUE:						
1.	<div style="border: 1px solid black; padding: 5px; display: inline-block;"> Desexa <input type="checkbox"/> / Non desexa <input type="checkbox"/> </div>					
que unha parte da cota total que lle corresponda no proceso de asignación lle sexa asignada como cota para venda directa.						
2.	Coñece as condicións e limitacións establecidas neste real decreto para solicitar a asignación de cotas da reserva nacional.					
3.	Coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos nos ficheiros automatizados que a Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros posúe para a xestión da cota láctea e sexan utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.					

4. Que cumpre os criterios abaixo marcados (sinálense cun X o espazo que corresponda)

- 1) Trátase dunha explotación asociativa conforme se define no artigo 2 o) do RD 347/2003.
- 2) Que é titular dunha explotación gandeira cualificada sanitariamente con algunha das cualificacións seguintes:
- B3 (indemne de brucelose) e T3 (oficialmente indemne de tuberculose).
- B4 (oficialmente indemne de brucelose) e T3 (oficialmente indemne de tuberculose).
- 3) É muller ou, en caso de explotación asociativa, o 50% dos integrantes son mulleres (agricultoras a título principal)

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

(Sinálense cun X no espazo correspondente os documentos que se xuntan á solicitude)

- Fotocopia do DNI/NIF (anverso e reverso) ou do CIF do titular da explotación e de todos os ATP que a integran.
- Documentación demostrativa da condición de ATP das persoas consignadas nesta solicitude como tales.
- Calquera documentación que o órgano competente da comunidade autónoma coide necesario para acreditar o número de UTA da explotación.
- Calquera outra documentación que o órgano competente da comunidade autónoma coide necesaria para demostrar o cumprimento dos requisitos e criterios de prioridade establecidos neste real decreto.

de de 2009

ASINADO _____

EN CALIDADE DE _____

DIRECTOR XERAL DE RECURSOS AGRÍCOLAS E GANDEIROS DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

r/ Alfonso XII, 62 28071